

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROXECTO PILOTO DE INNOVACIÓN NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS A TRAVÉS DUN SERVIZO DE COIDADOS INTERMEDIOS PARA A PERMANENCIA NA COMUNIDADE, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIONEU

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade , actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade , no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don Anxo Antón Queiruga Vila, presidente da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (en adiante COGAMI) co DNI 76778938Q, que actúa en nome e representación da entidade co NIF G32115941 de acordo co nomeamento outorgado por Acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 26 de maio de 2023, e segundo o disposto no artigo 36 dos seus estatutos, como así consta no rexistro de asociacións.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN



I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

IV. Que a entidade COGAMI entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 2003/93-2ª, tendo como propósito conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade a través da defensa e promoción dos seus dereitos, a transformación social, o fortalecemento do movemento asociativo, a xeración de oportunidades de emprego e a prestación de servizos que satisfagan as necesidades e expectativas da persoas con discapacidade de Galicia.

A entidade, declarada de utilidade pública, figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais có número E-154.

V. Que COGAMI é a entidade que representa ás Asociacións e Federacións de persoas con discapacidade física en Galicia, e á súa vez é membro de COCEMFE (Confederación Coordinadora Estatal de persoas con discapacidade física de España), e tamén é membro fundador do CERMI-GALICIA (Comité de Entidades Representantes de persoas con discapacidade de Galicia).

Que COGAMI ten, entre outros, os seguintes obxectivos de acordo cos seus estatutos:



- a) Acadar unha sociedade onde o grupo social das persoas con discapacidade poida gozar dos seus dereitos en condicións de igualdade real, co máis absoluto respecto á súa dignidade e diversidade.
- b) Defender o dereito a un xeito de vida e a unha contorna social que garanta a vida independente e o desenvolvemento autónomo de toda persoa con discapacidade.
- c) Defender os dereitos e liberdades das persoas con discapacidade severa ou con grande dependencia, así como a promoción da súa inclusión e participación activa na sociedade.
- d) Promover a plena inclusión escolar, laboral e social das persoas con discapacidade.
- e) Crear as condicións para que as entidades membro poidan cumprir axeitadamente a súa misión.
- f) Promover actitudes sociais positivas cara á persoa con discapacidade.
- g) Promover a lexislación axeitada que mellore a situación do grupo social das persoas con discapacidade.
- h) Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo integrado na Confederación con criterios de solidariedade
- i) Reunir e difundir información xeral e especializada sobre as dificultades das persoas con discapacidade.
- j) Representar ás súas entidades membro no ámbito autonómico, estatal e internacional.
- k) Desenvolver estratexias solidarias para que se poidan acadar equilibrios interterritoriais en calidade e servizos.
- l) Promoción e desenvolvemento persoal e social da muller con discapacidade, loitando pola súa igualdade de oportunidades.
- m) Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención da infancia e xuventude.
- n) Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención das persoas maiores.



- o) Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente a calquera outro grupo en risco de exclusión social.
- p) Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e participación do voluntariado social.
- q) Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas para persoas con discapacidade, priorizando naquelas que impulsen o deporte de base.
- r) Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas culturais, educativas e de lecer orientadas ás persoas con discapacidade.
- s) Promover a cooperación internacional e o desenvolvemento, así como a loita contra a pobreza no ámbito da discapacidade a escala internacional.
- t) Calquera outro que, de xeito directo ou indirecto, poida contribuír ao cumprimento da misión da Confederación ou redundar no beneficio das persoas con discapacidade.

VI. O Consello Europeo aprobou o 21 de xullo de 2020 a creación do programa NextGenerationEU, como instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo coronavirus.

O 10 de novembro de 2020, o Parlamento Europeo e o Consello alcanzaron o acordo sobre o paquete de medidas que inclúe os fondos de NextGenerationEU e o Marco Financeiro Plurianual 2021-2027, creándose o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, como instrumento de apoio aos Estados membros a través de transferencias directas e préstamos para incrementar os investimentos públicos e acometer reformas para paliar os devastadores danos producidos pola COVID-19.

O Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, sinala que os Estados membros elaborarán plans de recuperación e resiliencia nacionais para acollerse a este e alcanzar os obxectivos establecidos e presentarse formalmente polos Estados, como moi tarde o 30 de abril de 2021.

En virtude da Resolución da Subsecretaría de Asuntos Económicos e Transformación Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital do 29 de abril de 2021, publícase o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que define as estratexias



a seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación (*Boletín Oficial del Estado* número 103, do 30 de abril de 2021).

As medidas que recolle o dito plan cumpren cos seis piares establecidos polo antedito Regulamento da UE nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e artículanse ao redor de catro eixes principais: a transición ecolóxica, a transformación dixital, a cohesión social e territorial e a igualdade de xénero. Estes catro eixes de traballo desenvólvense a través de dez políticas panca que integran 30 compoñentes ou liñas de acción, para contribuír a alcanzar os obxectivos xerais do plan.

O Plan de Recuperación articula unha axenda coherente de reformas estruturais que responden ao diagnóstico compartido polas institucións europeas, o goberno español e os principais axentes económicos e sociais, en ámbitos clave para reforzar a estrutura económica e social do país; concretamente, no ámbito dos servizos sociais, aquelas necesarias para a implantación dun estado de benestar moderno que protexa aos cidadáns, garanta o coidado das persoas dependentes, reforce os servizos sociais e proporcione oportunidades vitais ás novas xeracións.

VII. Por Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia do 30 de abril de 2021, aprobouse a distribución territorial dos créditos correspondentes a 2021 para o financiamento de proxectos de investimento das comunidades autónomas, e as cidades de Ceuta e Melilla, no marco do compoñente 22 "Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social" do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Por Resolución da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais do 11 de setembro de 2021, (*Boletín Oficial do Estado* núm. 230, de 25 de setembro de 2021) publicouse o Convenio entre o entón Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia, o cal prevé no seu Anexo III a relación de proxectos a executar.

Por Resolución de 9 de agosto de 2024 e Resolución de 27 de febreiro de 2025, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, publícanse sendas Addendas de modificación do Convenio coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia



(BOE de 3 de setembro de 2024 e 7 de marzo de 2025 respectivamente). No marco de ditas addendas continuarán ditos proxectos con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia no exercicio 2026. O prazo de vixencia das addendas comprenderá ata o 31 de decembro de 2026, sen posibilidade de prórroga.

VIII. A entidade COGAMI pretende poñer en marcha un proxecto piloto de innovación no ámbito dos servizos sociais, orientado ao deseño, desenvolvemento e validación dun Servizo de Coidados Intermedios para a Permanencia na Comunidade, dirixido a persoas con discapacidade que precisan apoios intensivos e temporais para avanzar nos seus proxectos vitais e evitar procesos de institucionalización non desexados.

Trátase dun proxecto experimental non previsto na programación ordinaria da entidade e polo tanto diferenciado das actividades financiadas a través da subvención nominativa. É unha proposta nova que consiste na posta en marcha nun novo servizo que non se ofrece no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

O proxecto nace da necesidade de desenvolver respostas intermedias, flexibles e personalizadas que permitan dar continuidade aos coidados desde unha perspectiva social e comunitaria, superando modelos centrados exclusivamente en dispositivos residenciais ou hospitalarios, e alineándose cos principios da Atención Integral Centrada na Persoa (AICP).

O modelo proposto baséase na metodoloxía de Atención Integral Centrada na Persoa (AICP), que articula a intervención arredor de dúas dimensións complementarias:

a) A integralidade da atención, entendida como a abordaxe coordinada de todos os ámbitos que conforman a vida da persoa. A intervención non se limita á dimensión funcional ou sanitaria, senón que incorpora aspectos fundamentais como a vida afectiva, a participación social, o acceso á educación e ao emprego, o exercicio dos dereitos de cidadanía e a relación coa contorna comunitaria. Para iso, resulta clave a coordinación entre os sistemas de servizos sociais e sanitarios, desde unha lóxica de continuidade de coidados con predominio do enfoque social.

b) A atención centrada na persoa, que sitúa á propia persoa como eixo do proceso de intervención. Os recursos, servizos, tecnoloxías e actuacións profesionais concíbense como apoios ao servizo do seu proxecto vital, promovendo a toma de decisións compartida, a autodeterminación e a mellora da calidade de vida.



A proposta adopta un enfoque transdisciplinar, integrando a intervención de diferentes perfís profesionais (fisioterapia, terapia ocupacional, neuropsicoloxía, traballo social, entre outros) nun marco común de actuación. Esta integración permite abordar situacións complexas desde unha visión holística, favorecendo respostas máis coherentes, innovadoras e axustadas ás necesidades reais das persoas, evitando intervencións fragmentadas ou redundantes.

Un elemento central do proxecto é o desenvolvemento das intervencións na contorna natural e comunitaria da persoa, o que facilita a identificación e abordaxe das barreiras reais que afectan á súa autonomía e participación social. A intervención en contextos reais permite consolidar aprendizaxes e capacidades, garantindo a súa transferencia e mantemento a medio e longo prazo.

Desde este enfoque, os Coidados intermedios concíbense como un recurso social e comunitario orientado á prevención e ao atraso da institucionalización, ofrecendo unha alternativa temporal, intensiva e personalizada que permita ás persoas permanecer na súa comunidade co nivel de apoios necesario. A proposta interprétase en coherencia coa definición de Centro de Cuidados Intermedios recollida no marco MRR, ampliando este concepto cara a un modelo de servizo, non necesariamente vinculado á creación ou reforma dun centro físico, senón á posta en marcha dun dispositivo de intervención flexible, apoiado en espazos xa existentes e conectado coa rede de recursos comunitarios.

Como resultado do proxecto, elaborárase unha proposta técnica que permita a incorporación do Servizo de Coidados Intermedios para a Permanencia na Comunidade á carteira de servizos para persoas con discapacidade, así como a definición dun modelo de concerto social que garanta a súa continuidade e escalabilidade unha vez finalizado o período de financiamento con fondos MRR.

De cara a garantir unha avaliación máis completa do modelo e un maior axuste ás necesidades reais das persoas participantes, propónse estruturar o proxecto en dúas fases diferenciadas. A primeira mantería o carácter experimental inicial, centrado na implementación intensiva dos Plans de Apoios, das intervencións funcionais e psicosociais e da metodoloxía de Atención Integral Centrada na Persoa (AICP).

A segunda fase engadiría, ademais da elaboración dos informes previstos, unha etapa de escalado das solucións ou medidas que mostrasen maior eficacia na fase inicial. Esta



etapa permitiría completar Plans de Apoios que requiran máis tempo, realizar o seguimento das persoas que finalizasen a primeira fase e incorporar un número reducido de novas persoas usuarias co obxecto de continuar recollendo evidencias e contrastar os resultados obtidos. Tamén facilitaría introducir melloras ou variacións nas actuacións, especialmente en perfís con discapacidade sobrevida, nos que os procesos de recuperación e adaptación adoitan precisar un período máis prolongado e un acompañamento continuado na contorna.

IX. A concesión dunha subvención a través deste convenio encádrase no marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia, dentro do eixe/compoñente 22: economía dos cidadáns e reforzo das políticas de Igualdade e inclusión social, medida/investimento I2: Plan de Modernización dos Servizos Sociais, Transformación tecnolóxica, innovación, formación e reforzo da atención á infancia (proxecto nº 6 do Anexo III do convenio "Proxectos de innovación dos servizos sociais"); obxectivo 325, investimentos das Comunidades Autónomas para a transformación tecnolóxica e a innovación dos servizos sociais, e modernización das infraestruturas e os servizos asociados á atención á infancia e a adolescencia.

Neste marco resultan de aplicación o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como o Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece o instrumento de recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación, tras a crise da Covid-19 e o dito Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021. Así mesmo, resulta de aplicación a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento dos fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; e o Regulamento (UE, Euratom) 2024/2509 do Parlamento Europeo e do



Consello, do 23 de setembro de 2024, sobre normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión.

Deste xeito, as actuacións a subvencionar a través deste convenio, recollidas na súa cláusula segunda, adecúanse ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, así como o feito de que COGAMI é a única que programa un proxecto de esas características no ámbito autonómico, polo seu carácter innovador, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións resultando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en relación ao artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento da execución dun proxecto piloto de innovación no ámbito dos servizos sociais, orientado ao deseño, desenvolvemento e validación dun Servizo de Coidados Intermedios para a Permanencia na Comunidade,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Igualdade coa entidade COGAMI a través da concesión directa dunha subvención destinada ao financiamento de gastos derivados dun proxecto piloto de innovación no ámbito dos servizos sociais, orientado ao deseño, desenvolvemento e validación dun Servizo de Coidados Intermedios para a Permanencia na Comunidade, dirixido a persoas con discapacidade que precisan apoios intensivos e temporais para avanzar nos seus proxectos vitais e evitar procesos de institucionalización non



desexados. O servizo desenvolverase no Edificio Centro Galego de Desenvolvemento Integral para persoas con discapacidade (CEGADI), situado na rúa Queixume dos Pinos, 2 (Polígono de Salgueiriños) - 15781 Santiago de Compostela, sen prexuízo do uso de outras localizacións derivadas da esixencia da execución da actuación.

As actuacións do Servizo de coidados intermedios para a permanencia na comunidade estrutúranse arredor do Plan de Apoios Individualizado, acordado con cada persoa participante conforme á metodoloxía de Atención Integral Centrada na Persoa (AICP). Todas as intervencións teñen carácter temporal, flexible e orientado a resultados, e desenvólvense prioritariamente na contorna habitual da persoa.

Poden solicitar a súa participación no programa:

- persoas adultas con discapacidade física e/ou orgánica e/ou dependencia, de ata 65 anos, que precisen apoios para a recuperación funcional, o mantemento das capacidades e a promoción da autonomía persoal, a xuízo do equipo de valoración.
- menores con discapacidade física e/ou orgánica e/ou dependencia, que presenten dificultades na adquisición de destrezas motoras, na comunicación ou nas actividades básicas da vida diaria, cun impacto directo na súa autonomía persoal, a criterio do equipo de valoración.

Teranse en conta con carácter preferente:

- Persoas que acaban de adquirir unha discapacidade que lles ocasiona unha situación de dependencia, especialmente cando exista risco de perda de funcionalidade se non se intervén de maneira temperá.
- Persoas con enfermidades de carácter dexenerativo nas que o servizo poida contribuir a ralentizar o deterioro físico, cognitivo e social, favorecendo a permanencia na comunidade o maior tempo posible.
- Persoas derivadas desde unidades hospitalarias especializadas, entre outras: unidades de lesión medular, unidades de ictus / dano cerebral adquirido, servizos hospitalarios de rehabilitación, unidades pediátricas de atención temperá hospitalaria, equipos de alta hospitalaria que detecten necesidades de apoio funcional e psicosocial.

Para acceder ao servizo requírese o cumprimento dos seguintes requisitos:



- Posuír certificado de discapacidade ou estar en trámite, e/ou contar co recoñecemento da situación de dependencia ou estar no proceso de solicitude.
- Estar empadroada en calquera concello de Galicia.
- Compromiso de participación activa da persoa usuaria e, cando proceda, da súa familia, nas intervencións e actividades previstas no seu Plan de Apoios Individualizado.

O grao de intensidade (frecuencia e continuidade) das intervencións definidas no Plan de Apoios Individualizado e o ritmo de consecución dos obxectivos determinarán o número máximo de persoas que poderán ser atendidas simultaneamente.

O proxecto divídese en dúas fases:

a) a primeira fase é a posta en funcionamento que se inicia en xaneiro de 2026 e se prolongaría ata o 15 de xuño de 2026. Esta fase está enfocada na aplicación intensiva dos Plans de Apoios Individualizados, intervención funcional, psicosocial e comunitaria, e validación preliminar das medidas propostas.

b) a segunda fase que comprende dende o final da primeira fase ata o 31 de decembro de 2026, e consiste na recompilación e valoración dos resultados acadados. Constaría ademais dunha etapa de escalado das solucións ou medidas inicialmente seleccionadas. Isto permitirá continuar recollendo evidencias sobre os resultados das medidas aplicadas, introducindo melloras ou variacións se fose necesario para reforzar os achados da primeira fase.

Ao mesmo tempo esta segunda fase permitirá rematar Plans de Apoio de Individualizados que non tivesen tempo de completarse na primeira fase, facer o seguimento das persoas que si completaron o seu plan e incorporar novas persoas usuarias (aínda que en menor número).

SEGUNDA. Actuacións subvencionables

As actuacións do Servizo de Coidados Intermedios para a Permanencia na Comunidade estrutúranse arredor do Plan de Apoios Individualizado, acordado con cada persoa participante conforme á metodoloxía de Atención Integral Centrada na Persoa (AICP). Todas as intervencións teñen carácter temporal, flexible e orientado a resultados, e desenvólvense prioritariamente na contorna habitual da persoa.



As actuacións do Servizo de Coidados Intermedios distribúense en dúas fases complementarias. A fase de experimentación céntrase na posta en marcha intensiva da metodoloxía de Atención Integral Centrada na Persoa AICP e dos Plans de Apoios Individualizados. A segunda fase combina a análise técnica e documental co escalado das medidas validadas, o remate de intervencións pendentes, o seguimento das persoas que completaron o seu proceso inicial e a incorporación dun grupo reducido de novas persoas usuarias para fortalecer o proceso de validación e mellora continua.

En concreto, serán subvencionables as seguintes actuacións:

1. Estudio, definición e proposta da viabilidade da incorporación á carteira de servizos (proxecto piloto), co obxectivo de definir, sistematizar e documentar o Servizo de coidados intermedios para a permanencia na comunidade para posibilitar a súa incorporación á carteira de servizos para persoas con discapacidade que inclúe as seguintes actividades:

1.º Elaboración da definición técnica do servizo.

2.º Deseño dos procedementos e protocolos operativos.

3.º Definición de estándares de calidade e sistema de avaliación, con indicadores de resultados (autonomía, participación, permanencia na comunidade, satisfacción) e indicadores de proceso (tempos, intensidade, coordinación, cumprimento de obxectivos).

4.º Estimación de custos e modelo de financiamento.

5.º Redacción da proposta de incorporación á carteira de servizos.

6.º Deseño dunha proposta base de concerto social, coherente coa carteira, que contemple: requisitos do servizo, perfís e ratios, obrigas de avaliación e seguimento, e criterios de calidade.

2. Procedementos/terapias de habilitación e mantemento funcional e psicosocial.

a) Técnicas e procedementos a aplicar na fisioterapia:

1º.Fisioterapia aplicada á persoa de perfil neurolóxico adulta onde se inclúen: lesións medulares, Ictus-ACV, , esclerose múltiple, esclerose lateral amiotrófica,



polineuropatías, enfermidades neuromusculares, enfermidades neurodexenerativas, entre outras.

2º. Fisioterapia aplicada á pediatria e menores de idade (intervención en infantes con alteracións de tipo ortopédico, postural, neurolóxico, atrasos madurativos).

3º. Fisioterapia aplicada a alteracións de tipo musculoesquelético, osteoarticular e alteracións reumáticas crónicas, entre outras. Intervención en persoas con alteracións de tipo inflamatorio e que cursan con dor, derivadas da discapacidade.

4º. Rehabilitación física a través de videoxogos e nova tecnoloxía de apoio.

Promoverase a rehabilitación de fisioterapia a través de dispositivos de realidade virtual; tales como pantallas táctiles con softwares con contornas interactivos ou consola Wii e PS4 cos seus accesorios.

b) Técnicas e procedementos a aplicar na terapia ocupacional:

1º. Terapia ocupacional aplicada á persoa de perfil neurolóxico adulta onde se inclúen: lesións medulares, Ictus-ACV, esclerose múltiple, esclerose lateral amiotrófica, polineuropatías, enfermidades neuromusculares, enfermidades neurodexenerativas, entre outras.

2º. Terapia ocupacional aplicada á menores: intervención en infantes con alteracións de tipo neurolóxico, atrasos madurativos, alteracións de tipo condutual: trastornos de espectro autista, trastornos de hiperactividade, entre outros.

3º. Terapia ocupacional e produtos de apoio. Orientada ao asesoramento en canto ao posicionamento e sedestación en cadeira de rodas, uso de dispositivos de apoio e/ou de tipo ortopédico (bipedestadores, andadores, guindastres, , entre outros.

4º. Terapia ocupacional en Sala de Integración Sensorial. Esta técnica, é un marco de referencia específico en Terapia Ocupacional.

5º. Terapia Ocupacional en Sala de Estimulación Multisensorial (ou sala Snoezlen). A través dos diferentes dispositivos da sala, entre eles: fibras ópticas, tubo de burbullas con vibración, nube de estrelas, cortinas de luces. Esta contorna multisensorial, permite proporcionar experiencias diversas a través dos sentidos no perfil da persoa con grave discapacidade e aportar novas sensacións.



6º. Rehabilitación neurocognitiva, da comunicación, e participación social a través de dispositivos tecnolóxicos tales como Tablet (diversas App), realidade virtual, dispositivos para o acceso ao ordenador, uso de encerado dixital, pantalla táctil. Emprego de devanditos sistemas para a rehabilitación funcional e cognitiva da persoa con dano neurolóxico.

c) Técnicas e procedementos a aplicar na logopedia:

1º. Logopedia aplicada á persoa de perfil neurolóxico adulta (onde se inclúen patoloxías como Ictus, esclerose múltiple, esclerose lateral amiotrófica, polineuropatías, enfermidades neuromusculares, enfermidades neurodegenerativas, entre outras). Abordaranse problemáticas tales como: alteracións da voz, fala e linguaxe, afasias, problemas de disfasia e deglución, disartrias, apraxias (problemas de articulación e expresión oral), problemas de lecto-escritura, entre outros.

2º. Logopedia aplicada á pediatría e menores de idade: intervención en infantes con alteracións de tipo neurolóxico, atrasos madurativos, síndrome, trastornos xeneralizados do desenvolvemento, dificultades de aprendizaxe.

3º. Logopedia aplicada á persoa de perfil neurolóxico con apoio de novas tecnoloxías. Coa finalidade de intervir na mellora da comunicación, na adquisición de novos fitos na aprendizaxe e/ou intervir en restituír as funcións neurocognitivas implicadas; empregaranse, aplicacións (App) de Tableta, pulsadores ou ratos adaptados para o acceso ao ordenador con pulsadores, pantallas táctiles, encerado dixital, uso de dispositivos de comunicación novidosos (sistemas alternativos de comunicación): con voz, a través da mirada, uso de pulsadores e softwares de aprendizaxe.

d) Técnicas e procedementos a aplicar na neuropsicoloxía:

A neuropsicoloxía céntrase na avaliación e rehabilitación das funcións cognitivas afectadas tras unha alteración no sistema nervioso central. Normalmente, estas alteracións (causadas por un dano cerebral adquirido ou outra patoloxía) provocan dificultades na orientación, na atención, na linguaxe, na memoria, na visuopercepción, nas praxias ou nas funcións executivas (planificación, inhibición, resolución de problemas, entre outros) ás que se suman alteracións condutuais e emocionais (apatía, agresividade, falta de control de impulsos, desinhibición) que dificultan a vida diaria da



persoa, a súa aprendizaxe, interfíren no programa de rehabilitación doutras terapias e/ou teñen un gran impacto na familia, na contorna social e laboral.

Entre as técnicas de tratamento ou metodoloxía de abordaxe deste perfil de persoas está:

1º. Rehabilitación neuropsicolóxica. A rehabilitación neuropsicolóxica é un proceso activo que axuda á persoa a optimizar a recuperación das funcións cognitivas superiores, a comprender mellor as alteracións que presenta e a desenvolver estratexias de permitan compensar estas dificultades. Ten como obxectivo axudar a mellorar os déficit cognitivos, potenciar a funcionalidade das persoas e axudar ás familias a adaptarse a esta nova situación vital. A forma de intervención será distinta segundo a etioloxía do proceso neurolóxico, a fase en que se atopa a persoa dentro do proceso, o seu estado cognitivo xeneral e a resposta ás intervencións.

2º. Rehabilitación neurocognitiva a través de dispositivos tecnolóxicos tales como Tableta (diversas App), dispositivos para o acceso ao ordenador, uso de encerado dixital, pantalla táctil. Emprego de devanditos sistemas para a rehabilitación funcional e cognitiva da persoa con dano neurolóxico.

e) Técnicas e procedementos a aplicar na psicoloxía:

1º. A psicoloxía no Servizo de Coidados Intermedios ten como finalidade apoiar o benestar emocional da persoa, reforzar a súa capacidade de afrontamento, promover a adaptación aos cambios asociados á discapacidade e favorecer a súa participación activa no proceso de rehabilitación, sempre desde a metodoloxía Atención Integral Centrada na Persoa (AICP).

2º. Técnicas e procedementos de intervención:

2º.1. Avaliación psicolóxica centrada na persoa (emocional, condutual, motivacional e social).

2º.2. Apoio emocional e psicolóxico individual.

2º.3. Técnicas de intervención cognitivo-condutual adaptadas ao perfil da persoa.

2º.4. Adestramento en habilidades sociais, resolución de problemas, comunicación e afrontamento.



2º.5. Apoio a procesos de adaptación á discapacidade e cambios vitais.

2º.6. Técnicas de regulación emocional, relaxación e xestión do estrés.

2º.7. Grupos psicoeducativos ou sesións grupais cando sexa adecuado.

2º.8. Asesoramento e apoio á contorna afectiva no proceso de adaptación, comunicación e convivencia.

f) Técnicas e procedementos a aplicar no Traballo Social / Educación Social:

A intervención social e socioeducativa ten como obxectivo favorecer a inclusión social, o acceso a recursos, o fortalecemento das redes de apoio e a participación comunitaria, elementos clave para a permanencia na comunidade e a prevención da institucionalización, coas seguinte técnicas e procedementos de intervención:

1º. Valoración social integral das condicións de vida, contorno, rede de apoios e barreiras sociais.

2º. Elaboración do Itinerario Social Individualizado dentro do Plan de Apoios.

3º. Apoio no acceso a recursos sociais, educativos, comunitarios, culturais ou de apoio formal/informal.

4º. Intervención socioeducativa para reforzar habilidades sociais, autonomía comunitaria, toma de decisións e participación.

5º. Mediación entre a persoa, familia-contorna afectiva, servizos sociais, rede comunitaria e recursos educativos/laborais.

6º. Acompañamento en xestións, trámites e conexión cos recursos do territorio cando se considere necesario.

7º. Prevención e abordaxe de situacións de risco social.

8º. Fortalecemento das redes sociais e comunitarias da persoa, con enfoque de inclusión e participación.

g) Actuacións complementarias para o desenvolvemento persoal e social das persoas con discapacidade segundo o modelo de atención integral centrado na persoa. As persoas con discapacidade participantes no servizo, en función das súas necesidades, ademais das actuacións necesarias con respecto á súa habilitación e mantemento



funcional e psicosocial no seu plan integral de actuacións contarán cos recursos e apoios que poidan necesitar de cara a favorecer a súa transición á vida activa e a súa participación plena na sociedade e polo tanto de cara a promover o máximo posible a súa autonomía persoal e social.

TERCEIRA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco do proxecto a subvencionar a través deste convenio ten previsto realizar a entidade COGAMI é de e 856.566,62 €, financiable con cargo ao investimento C22.I02 no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Para o cumprimento das actuacións previstas deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará 850.000,00 euros (oitocentos cincuenta mil euros), que serán imputados á aplicación orzamentaria 08.04.312D.481.0, código de proxecto 2022 00193 do orzamento da comunidade autónoma para o exercicio 2026.

CUARTA. Obrigas da entidade

1. Ademais das obrigas recollidas nos artigos 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e sen prexuízo das demais obrigacións que resulten da normativa aplicable, a entidade beneficiaria desta axuda está obrigada a:

a) Executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención e o cumprimento dos requisitos e das condicións desta ante o órgano concedente, sen prexuízo da facultade de comprobar a realización material das actuacións.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe como órgano concedente a Consellería de Política Social e Igualdade así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o cal achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. Do mesmo xeito someterse ás actuacións de comprobación e inspección que se deriven da normativa aplicable á xestión de axudas financiadas cos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) nº 2021/241 do



Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, «Regulamento do MRR», e demais disposicións que articulen o MRR e o Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR).

c) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos pola entidade beneficiaria e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberase efectuar tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

e) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os conceptos financiados con cargo á subvención e a obriga do mantemento da documentación soporte. O soporte da documentación realizarase nos termos que estableza o Ministerio de Facenda de conformidade coa normativa nacional e da Unión Europea, mantendo os requisitos de pista de auditoría de conformidade co artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e o Consello, do 12 de febreiro.

f) Dar cumprimento á obriga da adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do disposto no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, deben cumprir coas obrigas de información e publicidade que as autoridades competentes establezan relativas ao financiamento do Mecanismo de recuperación e resiliencia.

En particular, estarán obrigadas a:



1º. Incorporar nun lugar visible unha referencia expresa a que o proxecto foi financiada pola Xunta de Galicia (Consellería de Política Social e Igualdade). Esta información debe levar o logotipo oficial da Xunta de Galicia previsto no manual de identidade corporativa (<http://www.xunta.gal/identidade-corporativa/descarga-do-manual>).

2º. Destacar, nas actividades que realice, nos materiais que reproduzan e utilicen para a difusión ou publicidade do proxecto, o financiamento efectuado pola Administración Xeral do Estado, de conformidade co establecido no *"Manual de imagen Institucional de la Administración General del Estado"* e a *"Guía para a edición e publicación de páxinas web na Administración Xeral do Estado"*.

3º. Incluír a mención da orixe deste financiamento mediante o emblema da Unión e a declaración <<financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU>>, tal como se reflicte no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, Deberá cumprirse tamén co establecido en materia de comunicación, información e publicidade na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, en especial co previsto no seu artigo 9. En particular, compre ter en conta a información recollida no apartado de identidade visual da web do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia <https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual> e o Manual de comunicación para xestores e beneficiarios do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, da Secretaría General de Fondos Europeos do Ministerio de Hacienda, dispoñible na seguinte ligazón:

<https://www.fondoseuropeos.hacienda.gob.es/sitios/dgpmrr/es-es/Documents/MANUAL%20DE%20COMUNICACION%20PARA%20LOS%20GESTORES%20DEL%20PLAN.pdf>

Todos os carteis e placas deberán colocarse nun lugar ben visible de acceso ao público.

h) Facilitar toda a información que lles requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

i) Asumir a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de



fraude (<<bandeiras vermellas>>) e asegurar a adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir o fraude, a corrupción e previr o conflito de intereses e o dobre financiamento.

k) Respetar o principio de <<non causar un prexuízo significativo>> na execución das actuacións subvencionadas nos termos do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2020/2088.

l) Contribuír ao correcto funcionamento da Base de Datos Nacional de Subvencións en cumprimento do disposto na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, como ferramenta de consulta no procedemento de concesión de axudas, cumprindo adecuadamente coas obrigacións de subministración de información a esta (Real decreto 130/2019, do 8 de marzo).

m) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

n) Conservar os documentos xustificativos e demais documentación relacionada co financiamento da actuación, en formato electrónico, durante un prazo mínimo de 5 anos a partir da recepción do último pagamento. Este período será de tres anos se o financiamento non supera os 60.000 €.

2. Así mesmo, a entidade deberá subministrar á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

QUINTA. Documentación previa

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á



sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEXTA. *Compatibilidade con outras axudas*

1. A percepción desta axuda é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

A estes efectos estarase ao disposto no artigo 7 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

2. No caso de percibirse outras axudas, deberase acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións. A comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

3. En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro deste convenio poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas supere o custo do proxecto subvencionado. En caso contrario, esta subvención reducirase na cantidade necesaria ata conseguir o cumprimento do establecido anteriormente.

SÉTIMA. *Período subvencionable e prazo de execución*

1. O período subvencionable será, con carácter xeral, o comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 10 de decembro de 2026, ambos os dous incluídos, tendo en conta as datas límite para a súa xustificación.

2. Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados con anterioridade ao remate da data límite para súa xustificación, consonte o establecido no parágrafo seguinte.



3. A data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa será para a primeira parte do proxecto o 30 de xuño do 2026, e para a segunda o 10 de decembro de 2026.

OITAVA. Forma de pagamento

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, da seguinte forma:

- a) Efectuarase, un pagamento do 80% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades do proxecto, aportando a documentación prevista na cláusula oitava do convenio.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria nin coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como de que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución da garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

NOVENA. Gastos subvencionables.

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de acordo co establecido na memoria económica. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con



anterioridade á finalización do períodos de xustificación que rematan o 30 de xuño de 2026, e o 10 de decembro respectivamente.

DÉCIMA. Xustificación

1. En aplicación do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á data de finalización do período de xustificación.

A data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será o día 30 de xuño do ano 2026, e o 10 de decembro de 2026.

2. De conformidade co establecido no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, conterá a seguinte documentación:

a) Conta xustificativa que incorpore unha memoria de actuación e unha memoria económica abreviada, con achega de informe de auditoría, de acordo co regulado no artigo 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A memoria de actuación deberá referirse aos mecanismos de verificación do cumprimento do principio de <<non causar prexuízo significativo>> e medidas correctoras para asegurar a súa implementación.

b) A emisión do informe de auditoría axústase ao disposto na Orde EHA/143/2007, de 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvención, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, e ao disposto neste convenio. A verificación que debe realizar a auditoría de contas terá, en todo caso, o seguinte alcance:

1º. O cumprimento por parte da entidade beneficiaria das obrigas establecidas neste convenio e no resto da normativa que lle é de aplicación na xestión e aplicación da subvención.

2º. A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte da entidade beneficiaria.

3º. A realidade e a regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada pola entidade beneficiaria, foron financiadas coa subvención.



4º. O adecuado e correcto financiamento das actividades subvencionadas.

3. O informe da persoa auditora permitirá obter evidencia suficiente para poder emitir unha opinión sobre a execución dos gastos do proxecto ou actividade subvencionada, conforme estas bases. En todo caso, deberá comprobarse:

a) Que a conta xustificativa foi subscrita polo representante legal da entidade, debendo anexar ao informe unha copia desta verificada pola persoa auditora.

b) Que existe concordancia entre a memoria de actuación e os documentos utilizados para realizar a revisión da xustificación económica.

c) Que o importe xustificado corresponde ao concedido, e que se atopa correctamente desagregado e identificado na conta xustificativa, con indicación das imputacións aplicadas. A revisión abarcará a totalidade dos gastos incorridos na realización das actividades subvencionadas. No caso doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, deberá indicar o seu importe e a súa procedencia.

d) Que o gasto declarado é real e elixible e que está debidamente acreditado e xustificado conforme a normativa vixente. Para os ditos efectos, o informe de auditoría deberá confirmar:

1º. Que os gastos realizados e imputados ao proxecto gardan unha relación directa con este e que son conformes coas normativas autonómica, nacional e comunitaria en materia de elixibilidade de gastos e subvencións.

2º. Que as facturas orixinais ou documentos contables de valor probatorio equivalente que figuran na relación de gastos contan cos datos requiridos pola lexislación vixente, sendo os devanditos gastos realizados e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación, salvo aqueles que pola súa propia natureza deban liquidarse en datas posteriores.

e) Que a entidade beneficiaria utiliza un sistema de contabilidade separada ou codificación contable que permite a inequívoca identificación dos gastos realizados.

f) Que a entidade beneficiaria dispón de ofertas de diferentes provedores, nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 xuño, e dunha memoria que xustifique razoablemente a elección do provedor, naqueles casos en que non recaese na proposta económica máis vantaxosa.



g) No informe constará pronunciamento sobre a elixibilidade do IVE imputado ao proxecto e que non é susceptible de recuperación ou compensación.

h) Que existe acreditación documental, material e/ou gráfica (fotografías, copias, captura de pantallas) do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.

4. A xustificación comprenderá o custo total do proxecto subvencionado de acordo coa última memoria explicativa autorizada e non só a contía da subvención concedida. No caso de actividades financiadas con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá reflectirse na memoria económica que conterá unha relación detallada deles, con indicación do importe, procedencia e aplicación deles ás actividades subvencionadas.

5. Os gastos da entidade terán que adaptarse aos conceptos de gasto consignados na memoria aínda que poderán admitirse desviacións na imputación de cantidades aos conceptos de gasto nunha contía máxima dun 20% do importe da axuda finalmente concedida, sempre que non se modifique a contía total subvencionada nin a desviación se aplique a conceptos de gasto non autorizados.

A documentación que xustifique os gastos efectuados con cargo á subvención concedida presentarase separada para cada unha das anualidades subvencionadas.

6. Recibida a documentación xustificativa da subvención, a Consellería de Política Social e Igualdade antes de proceder ao seu pagamento final, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinaron a concesión da subvención, de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 9/2009, do 13 de xuño, así como o cumprimento do compromiso en relación coa execución de actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, no sentido do artigo 8, punto 2.e) da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Vixencia*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.



Non obstante, as actuacións subvencionadas a través do presente convenio que realiza COGAMI dende o 1 de xaneiro de 2026 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO SEGUNDA. Incumprimentos, reintegros e sancións

1. De acordo co establecido no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida calquera incumprimento das seguintes obrigas:

a) Cando se obtivese a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Cando se incumpran totalmente o obxectivo, a actividade, o proxecto ou non se adopte o comportamento que fundamentou a concesión da subvención. En caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción. En calquera caso, a beneficiaria deberá xustificar unha porcentaxe mínima do 50 % do importe concedido; de non acadarse ese mínimo, enténdese que non se lograron os obxectivos propostos, e polo tanto, determinarase a perda do dereito ao cobramento da axuda concedida.

c) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso derivase a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2. No suposto previsto no número 3 do artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a exixencia do xuro de demora correspondente.

3. Para facer efectiva a devolución a que se refiren os números anteriores, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



4. Con anterioridade ao requirimento previo da Administración, as persoas beneficiarias poderán realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia ES82 2080 0300 87 3110063172, segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento de recadación, e o importe incluírá os xuros de demora, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO TERCEIRA. *Identificación do perceptor final*

Para dar cumprimento ao mandato establecido no artigo 22.2.d) do Regulamento (UE) 2021/241 e consonte ao artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, a Consellería de Política Social e Igualdade recadará os seguintes datos identificativos da entidade beneficiaria:

- a) NIF do beneficiario.
- b) Nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica.
- c) Domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.
- d) Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. (Anexo IV B da Orde HFP/1030/2021)
- e) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puideran afectar ao ámbito obxecto de xestión. (Anexo IV C da Orde HFP/1030/2021)
- f) Os beneficiarios que desenvolvan actividades económicas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou no censo equivalente da Administración Tributaria Foral, que debe reflectir a actividade económica efectivamente desenvolvida á data de solicitude da axuda.

DÉCIMO CUARTA. *Subcontratación*

Poderá ser obxecto de subcontratación ata o 100% da actuación subvencionada nos termos establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 43 do



Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En todo caso, quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A entidade beneficiaria deberá prever os mecanismos para asegurar que os subcontratistas cumpran cos principios transversais establecidos na Orde HFP/1030/2021 no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

DÉCIMO QUINTA. *Obrigas da publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO SEXTA. *Compromiso de non causar dano significativo ao ambiente*

A entidade beneficiaria da subvención concedida a través deste convenio deberá garantir o pleno cumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo» (principio «do no significant harm-DNSH») e a etiquetaxe climática e dixital, de acordo co previsto no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision-CID), do 13 de xullo de 2021, e no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, así como na súa normativa de desenvolvemento, en todas as fases do deseño e execución dos proxectos e de maneira individual para cada actuación.



DÉCIMO SÉTIMA. Comisión de seguimento e control

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada unha das partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no proxecto a subvencionar a través do presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dous representantes da entidade COGAMI designadas por cada unha das persoas que representen ás partes firmantes, así como os seus suplentes.

A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración, designado pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, as persoas integrantes da comisión serán suplidas por quen designe o órgano competente para o nomeamento daquelas.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO OITAVA. Comprobación, inspección e control

1. A Consellería de Política Social e poderá levar a cabo as actividades de comprobación que considere oportunas para controlar o cumprimento do destino das axudas concedidas a través deste convenio.

2. Sen prexuízo do anterior, realizará, ben con persoal propio ou a través de empresas auditoras, actuacións de comprobación e control para verificar sobre o terreo o cumprimento das condicións para a percepción das axudas. As comprobacións incidirán sobre todos aqueles aspectos que garantan a realización dos compromisos adquiridos e o cumprimento dos requisitos fixados neste convenio. O persoal encargado da verificación levantará acta da actuación de control, que asinará a entidade á cal se lle



entregará unha copia, e presentarlle ao órgano competente xunto co informe de verificación. A entidade queda obrigada a facilitarlle ao persoal designado copia da documentación que se lle solicite relativa ao expediente obxecto de control.

3. Ademais, todas as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento.

Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

DÉCIMO NOVENA. Medidas antifraude

1. A detección de feitos que poidan ter sido constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria, serán comunicados ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto:

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017 do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, do 6 de abril, sobre a forma en que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea. A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente, tal como se establece no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 20 21, e na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

Así mesmo, a Xunta de Galicia pon ao dispor da cidadanía unha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude, que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención a Cidadanía (SIACI). A ligazón á canle de denuncias é a seguinte: <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias> Estas canles garanten o anonimato da persoa denunciante.



2. Serán de aplicación ás actuacións deste convenio as medidas contempladas no Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia e no Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Política Social e Igualdade, dispoñibles en <https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional/plans-antifraude>

3. Ao tratarse dun convenio con entidade beneficiaria determinada xa coñecida aplícase o réxime xeral de conflito de interese da Orde HFP 1030/2021.

Non obstante, os procedementos de concesión de subvencións, que se poidan levar a cabo en virtude deste convenio, estarán sometidos á análise sistemática do risco de conflito de interese que regulan a DA 112ª da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. A normativa reguladora da subvención vencellados ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia deberán recoller unha cláusula do seguinte teor:

"ANÁLISE SISTEMÁTICA DO RISCO DE CONFLITO DE INTERESE NOS PROCEDIMENTOS DE SUBVENCIÓN QUE EXECUTAN O PRTR

Este procedemento de subvención está suxeito a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese prevista na disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, e na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, o órgano competente para a concesión da subvención poderá solicitar a solicitante da axuda a información da súa titularidade real cando a Axencia Estatal de Administración Tributaria non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través da aplicación de análise de risco de conflito de interese MINERVA. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá aportarse ao órgano que concede no prazo de 5 días hábiles desde que se formule a solicitude de información. A falta desta información no prazo sinalado será motivo de exclusión do procedemento.



Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A través da aplicación MINERVA, o responsable de operación levará a cabo un novo control ex ante do risco de conflito de interese, indicando, en lugar do solicitante da axuda, os titulares reais recuperados polo órgano competente para a concesión da subvención”.

VIXÉSIMA. Información básica sobre protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de



administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

VIXÉSIMA PRIMEIRA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014 e pola restante normativa reguladora dos fondos NextGenerationEU.

A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.



Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e
Igualdade

O presidente da Confederación Galega de
Persoas con Discapacidade (COGAMI)

Fabiola García Martínez

Anxo Antón Queiruga Vila

